

A accesibilidade cognitiva como garantía do acceso á xustiza

Dereitos que se entenden, dereitos que se exercen

Organizan:

FADEMGA Plena inclusión Galicia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Colaboran:

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Xacobeo 2027

CESEG CENTRO DE ESTUDOS DE SEGURIDADE

OIRESP Observatorio Internacional da Regulación das Entidades do Sector Público



A accesibilidade cognitiva como garantía do acceso á xustiza

Dereitos que se entenden, dereitos que se exercen

O próximo venres 4 de decembro, a Facultade de Dereito de Santiago de Compostela acollerá a Xornada "Dereitos que se entenden, dereitos que se exercen: a accesibilidade cognitiva como garantía do acceso á xustiza".

FADEMGA Plena inclusión Galicia e a USC organizamos esta xornada co fin de dar a coñecer as medidas de accesibilidade que se están a dar tras a modificación da Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

Para elo, contaremos con 5 mesas redondas nas cales se abordará o tema dende distintas perspectivas e realidades. A maiores, contaremos con experiencias reais nas que se aplicaron cambios recollidos na reforma da lei.

Onde se desenvolverá a xornada?

Facultade de Dereito da USC.

Cal será o horario da xornada?

A xornada dará comezo ás 9 da mañá coa recepción das persoas participantes e finalizará ás 15:00 co acto de clausura. Tras isto, contarase cun pequeno cóctel de despedida.

Quen pode participar?

A xornada está aberta para que toda persoa que así o desexe poida participar. Porén, a xornada está pensada especialmente para os seguintes perfís: profesionais do terceiro sector, profesorado e alumnado de Dereito.

Como apuntarse?

As persoas interesadas en participar, poden inscribirse a través **deste formulario**.

O prazo para inscribirse está aberto ata o luns 23 de novembro.

As persoas, salvo ás persoas ligadas á USC, tamén deberán facer o pago dunha cota de 5€ para poder participar. O pago farase no seguinte número de conta: ABANCA ES87 2080 0300 8930 4012 6857.

No concepto da transferencia debe poñer: **Xornada accesibilidade + Nome e apelidos.**

O prazo para facer o pago tamén estará aberto ata o luns 23 de novembro.

O mércores 25 enviaremos un correo confirmando a inscrición e detallando máis información sobre a xornada.

Programa

9:00 Recepción das persoas participantes

9:15 Acto inaugural

9:45 O dereito a comprender: a accesibilidade cognitiva como dereito

Nesta mesa analizarase a accesibilidade cognitiva como condición previa a todo exercicio efectivo de dereitos e á participación en igualdade de condicións.

Poñentes: Blanca Tejero e Raquel Cárcamo. Codirectoras do Centro Español de Accesibilidade Cognitiva.

Moderador: Anxo Varela Hernández. Profesor de Dereito Constitucional (UNILEON) e analista do Centro de Estudos de Seguridade (USC).

10:45 Lei 8/2021: un novo escenario para o exercicio dos dereitos

Nesta mesa daranse a coñecer os cambios tras a reforma da lexislación civil e procesual para garantir que as persoas con discapacidade exerzan a súa capacidade xurídica en igualdade de condicións (Lei 8/2021). Tamén se abordarán os axustes de procedemento que reclama o movemento asociativo.

Poñentes:

- Inés de Araoz. Coordinadora da área xurídica de Plena inclusión España.
- María José Fernández. Avogada en Fernández Matías Avogados e formadora pola UNED, presta servizos xurídicos na Área de Familias de FADEMGA Plena inclusión Galicia.
- Profesora Grao en Dereito USC. Pendente confirmación.

Moderador: Miguel López Crespo. Presidente da Confederación Española de Consumidores ConsumES, Secretario Xeral da Unión de Consumidores de Galicia e Secretario da Xunta Directiva de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

11:45 Pausa para o café

12:15 Do cambio normativo á realidade: como inflúe a Lei 8/2021 na práctica xudicial e notarial

Nesta mesa presentarase a situación xeral no ámbito xudicial e notarial tras a entrada da Lei 8/2021.

Poñentes:

- Belén Rubido de la Torre. Maxistrada da Sección Cuarta da Audiencia Provincial de Pontevedra.
- Santiago Miguel Cruces, Fiscal delegado de apoio ás persoas con discapacidade de Galicia.
- Lucía Cagigas Courel. Subdelegada da Fundación Aequitas en Galicia.

Moderador: Pendente confirmar.

13:15 A lectura fácil: unha chave para unha xustiza máis accesible

Nesta mesa presentarase o Convenio de adaptación de procedementos xudiciais a lectura fácil entre FADEMGA Plena inclusión Galicia e a Dirección xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.

Poñentes:

- Shaila Varela. Responsable do Convenio de adaptación de procedementos xudiciais a lectura fácil de FADEMGA Plena inclusión Galicia e da Dirección Xeral de Xustiza.
- Germán María Serrano. Maxistrado delegado de discapacidade do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Moderador: José Tronchoni. Director Xeral de Xustiza.

14:00 A persoa facilitadora: unha chave para unha participación efectiva en procedementos xudiciais e notariais

Nesta mesa darase a coñecer a figura da persoa facilitadora, os convenios que existen neste eido e presentarase unha experiencia dunha persoa con discapacidade que foi apoiada por esta figura.

Poñentes:

- Sonia Bermejo Valverde. Coordinadora do Programa A cada lado e de Acceso á Xustiza de Plena inclusión Andalucía. Coordinadora da figura do facilitador procesual en Plena inclusión España.
- Manuel Seoane Mera. Responsable do Programa de Acceso á Xustiza de FADEMGA Plena inclusión Galicia, facilitador procesual e membro da Rede de Persoas Facilitadoras de Plena Inclusión.
- Juan Carlos Sánchez Barbero. Experto por experiencia.

Moderador: Belén Trigo García. Profesora de Dereito Civil na USC.

15:00 Clausura

15:10 Cóctel



Dereitos que se entenden,
dereitos que se exercen

FADEMGA
Plena inclusión Galicia

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Colaboran:

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Xacobeo 2027

CESEG
CENTRO DE ESTUDOS DE SEGURIDADE

OIRESP
Observatorio Internacional da Regulación das Entidades do Sector Público